

EDUCACIÓN CIENTÍFICA, SUSTENTABILIDADE E XÉNERO

Coordinador/a: **María M. Álvarez Lires**

Participantes: *Emilio Fernández Suárez*
Gonzalo Méndez Martínez
Purificación Mayobre Rodríguez
Antonia Blanco Pesqueira
Uxío Pérez Rodríguez
Azucena Arias Correa
J. Francisco Serrallé Marzoa
F. Javier Álvarez Lires
M. Mercedes Varela Losada
María A. Lorenzo Rial

Liñas de actuacións

As persoas constituíntes do grupo veñen traballando en varias liñas de innovación docente e formación do profesorado desde hai moitos anos, colaborando coa Universidade de Vigo (Formación e Innovación Educativa e Campus do Mar) e diversas institucións como a FECYT, a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega e universidades españolas, latinoamericanas e de diferentes países europeos.

Os profesorado pertencente á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense ven funcionando coma grupo desde máis de dez anos, dinamizando o referente á innovación docente a través de proxectos de innovación, en colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia, e da realización de múltiples actividades e accións formativas coorganizadas coa Unidade de Igualdade, os concellos de Pontevedra e Ourense e o Consello da Cultura Galega. Desde hai dous anos, o grupo vén colaborar o co campus do Mar no desenvolvemento de proxectos de innovación educativa, en obradoiros de divulgación científica e noutras actividades formativas. Tamén se están a analizar e a crear materiais didácticos.

O profesorado de Ciencias do Mar, nomeadamente desde o Campus do Mar, vén realizando accións de divulgación científica (obradoiros Mergúllate no Océano, Campus científicos do verán), destinados ao público en xeral e a alumnado de Educación Secundaria e Bacharelato, prestando atención tamén a aspectos didácticos.

A educación científica, a educación para a sustentabilidade e ambas liñas, desde a perspectiva de xénero, son os principais campos de traballo.

Cómpre salientar:

Historia das ciencias e das técnicas; Sustentabilidade do mar; Técnicas e instrumentos de avaliación en plataformas virtuais; o traballo por proxectos na formación inicial do profesorado e nas aulas de Educación Infantil; Primaria e Secundaria; Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais en formación inicial e permanente do profesorado; Educación, psicoloxía, filosofía, ciencias, tecnoloxía e xénero; Uso da robótica e pizarra dixital na formación inicial do profesorado e nas aulas de Educación Infantil e Primaria; Formación Permanente do Profesorado; Aprendizaxe en redes sociais educativas de código aberto ELGG; Divulgación científica.

A constitución do GID busca facer visible a realidade da colaboración descrita.

Obxectivos

- Preténdese crear sinerxias entre a educación científica, a educación para a sustentabilidade e as ciencias do mar, consonte coas tendencias internacionais de actualidade (Facultade de Ciencias da Educación e Campus do Mar).
- Contribuír á formación inicial e permanente do profesorado de todos os niveis educativos nos que campos obxecto do interese do grupo.
- Organización de actividades formativas na Universidade de Vigo en colaboración con diferentes institucións, coma o CESGA ou o Consello da Cultura Galega.
- Sensibilizar e formar ao profesorado, en formación inicial e permanente, en introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación.
- Favorecer o uso das TIC na docencia en todos os niveis educativos.
- Proporcionar coñecementos de historia das ciencias e das técnicas, así como acerca da súa introdución na docencia.
- Levar a cabo proxectos de innovación educativa.
- Realizar accións de divulgación científica.
- Colaborar no desenvolvemento do Campus Crea S2i.

Plan de traballo

Proxectos de innovación e elaboración de materiais didácticos

Actualmente, estase a desenvolver un proxecto de innovación educativa, financiado pola Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Finalización: xuño 2016.

Elaboración de guías didácticas, destinadas a acompañar aos obradoiros Mergúllate no océano do Campus do Mar. Trátanse duns obradoiros de divulgación científica, destinados ao público en xeral, que se realizan nos concellos costeiros galegos. Maio-setembro 2016.

Elaboración do proxecto: Achegas das mulleres e sustentabilidade do mar (en proceso).

Organización e participación en actividades formativas

Ciclo de conferencias: «Utilización avanzada de TIC (robótica e tablets) no ensino das ciencias con perspectiva de xénero», Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Maio 2016.

Impartirase o curso Ensinar ciencias no século XXI con xoguetes interactivos e pizarra dixital. Destinado ao profesorado en formación inicial dos graos de Educación Infantil e Primaria e no profesorado en exercicio nas devanditas etapas. Trátase dun curso de extensión universitaria: Datas:do 1 ao 30 de xuño de 2016. 52 horas (32 presenciais e 20 na plataforma virtual eduaponte.cesga.es).

Xornada «Bo uso e mal uso do mar» (Consello da Cultura Galega, Campus do Mar, Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte). Novembro 2016.

Ciclo de conferencias: Unha mirada de xénero. Facultades de Ciencias da Educación de Pontevedra e Ourense. Unidade de Igualdade. Outubro-novembro 2016.

Participación en congresos e outros eventos

HEAd'16 2nd International Conference on Higher Education Advances (HEAd'16) June 21-23, 2016, Valencia (Spain), no que se presentarán dúas comunicacións, sobre Educación Ambiental e Educación en Acidificación Oceánica, que foron seleccionadas, entre 350, para ser publicadas como artigo en revista SJCR.

Participación na Semana da Creatividade e a Innovación Campus Crea S2i (18-22 de abril, 2016).

Congreso en liña SIEC 2016, con dúas comunicacións sobre Educación Ambiental, en fase de avaliación. 13-16 de xuño de 2016.

Participación nos campus científicos de verán, organizados polo Campus do Mar, impartindo docencia a alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato. Xullo de 2016.

IV Xornada Universitaria Galega en Xénero. Xullo 2016. Santiago de Compostela. Envío de dúas comunicacións (en avaliación).

Participación da coordinadora do grupo no comité científico do 3º Congreso Latinoamericano de Investigación en didáctica das Ciencias. Montevideo (Uruguay). 6-8 de xullo de 2016.

Publicacións sobre innovación educativa

Publicación dun artigo na *Revista Formación Universitaria* (SJCR), solicitado á coordinadora do grupo como recoñecemento ao seu nomeamento coma mellor avaliadora da revista durante o ano 2016. Enviado e pendente de publicación.

Dous artigos aceptados e pendentes de publicación no ano 2016 na revista *Opción* (SJCR). Artigo na revista *Education Environmental Research* (JCR), xa publicado en 2016.